

FOGARES VULNERABLES: CAMBIOS DE FORMA E DE FONDO

Ana Iglesias Galdo

Facultade de Ciencias da Educación. Universidade da Coruña

anai@udc.es

“En tódalas formas de convivencia de homes e mulleres (antes, en, á marxe e despois do matrimonio) estalan os conflitos do século. Alí amosan o seu rostro privado, persoal. A familia é o lugar onde suceden” (Beck, 1998: 143).

Resumo:

Superado o movemento antifamilia dos anos 60, que proclamaba a crise ou o debilitamento da familia para cumprir as funcións básicas de socialización dos seus membros, na actualidade asistimos á configuración de novas estruturas menos institucionais, máis diversificadas. Nos preguntamos se unha maior diversificación no tipo de fogar, asegura unha maior relación de igualdade entre os seus membros.

Tendo como telón de fondo os datos da investigación “A xustiza de menores en Galicia. Historia do seu presente” (2006), aproximáremonos aos fogares onde viven estes menores e prestaremos especial atención aos procesos que dan conta da negociación entre os membros da parella, así como dos modos educativos que caracterizan as relacións entre nais-adolescentes-pais, co fin de evitar a estratexia discursiva que transforma a vulnerabilidade social en irresponsabilidade individual.

A experiencia profesional e doutoral como punto de partida

O xerme deste traballo está indiscutiblemente ligada á miña experiencia como educadora en dous centros de reeducación de menores de titularidade pública durante dezaseis anos na comunidade galega.

O traballo como educadora permitírame coñecer de preto a rapaces que, por estaren envoltos nun proceso de conflito social, compartían o recurso da chamada última medida, isto é, o seu internamento nun centro de reeducación durante un tempo determinado. Unha vez chegados á institución, a tarefa dos educadores e das educadoras consistía en provocar aqueles cambios considerados como necesarios para asegurar a súa incorporación social en todas as institucións de que debían formar parte.

Non obstante, máis que o que faciamos desde as institucións, o meu interese xiraba en torno a cuestións que aparentemente me afastaban da práctica, pero que vivía como imprescindibles para poder darlle un sentido a esta, dado que eran asuntos que dalgún xeito definían tamén o meu quefacer profesional. Necesitaba comprender quen eran estes menores, como discorría a súa vida antes de entraren no ámbito xudicial, que procesos estaban implicados na significación da delincuencia.

Para min resultaba evidente a falta de sintonía entre o carácter individualizador e sancionador das medidas xudiciais e as consideracións de carácter socioeducativo que as xustifican. Dito noutros termos, a xustiza responsabiliza e sanciona a cada menor en particular pola falta que se lle atribúe e ao mesmo tempo as medidas adoptadas fan referencia non tanto ao feito en si, senón ás carencias que sofren estes menores.

Dado que a familia é unha das institucións consideradas como insustituíbles para garantir o benestar da infancia, e o *X Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagogía*, contempla un área temática para afondar na interacción Familia-Escola-Comunidade, penso que pode ser un espazo privilexiado para pensar sobre esta infancia, afondando no coñecemento do que acontece nas súas familias, pois defender a bondade da escolaridade obrigatoria en tanto que estratexia para fomentar a igualdade de oportunidades esixe que a escola cumpra dúas condicións básicas: “a cultura que imparta e cómo esta se relacione coas vantaxes e as desvantaxes do alumnado provocadas polo seu contexto familiar e social” (Gimeno, 1993: 208), porque proporcionar o mesmo non significa promover a equidade.

Imos adentrarnos na vida cotiá destes fogares prestando unha especial atención ás relacións entre maternidade, paternidade e adolescencia, co gallo de non confundir vulnerabilidade social con irresponsabilidade individual.

Do modelo de familia único á diversidade de configuracións familiares

A pesar de que cada época histórica defende, mesmo con respaldo legal, un modelo familiar representado como hexemónico, a realidade social, sempre máis rica e complexa, dá conta de que a familia en singular –en tanto realidade uniforme– non existiu nunca e que, a pesar de ser a máis universal das institucións sociais, as súas formas históricas son demasiado diversas para poder subsumilas nun único concepto (Giner e outros, 1998: 293).

O que sen lugar a dúbidas constitúe unha novidade, especialmente nos últimos vinte e cinco anos, é que, xunto co aumento do pluralismo das configuracións familiares, emerxe con forza a reivindicación da lexitimidade de vivir formas alternativas ao modelo de familia privilexiada como tal polas leis e, xa que logo, a reclamación dos mesmos dereitos e deberes que se consideran para esta.

Así, fronte ó modelo familiar único e hexemónico que, herdado do franquismo, consistía nunha familia casada pola Igrexa católica, indisoluble, cun “cabeza de familia” que é varón, e cunha “ama de casa” que non traballa fóra do fogar, e unía indisolublemente *matrimonio, familia, núcleo familiar e fogar* experimenta unha importante escisión coa aprobación da Lei do divorcio de 1981 e a partir deste momento prodúcese unha clara transición cara a modelos familiares que supuxeron unha diferenciación progresiva dos catro conceptos

sinalados, polo que xurdiron posibilidades múltiples de convivencia que rompen coa sucesión mecánica de matrimonio, maternidade, familia e fogar (Miguel, 1998: 442-454).

Esta proliferación de novas formas de fogar, caracterizadas polo crecemento das configuracións familiares de feito e tamén por unha maior inestabilidade froito da maior liberdade dos cónxuxes (tanto para as rupturas como para comezar novas relacións) foi un dos cambios máis significativos da chamada segunda transición familiar.

Os cambios observados na estrutura, na función e na composición familiar das sociedades contemporáneas poñen de manifesto que a familia nuclear fusional, en tanto que arquetipo da sociedade moderna descrita na década dos 50 por Parsons e outros sociólogos – baseándose na realidade familiar da posguerra dun sector da sociedade americana–, aínda que continúa sendo a forma familiar representada como “normal”, no dobre sentido de ser a máis frecuente e servir de “norma ideal” de referencia á maioría da xente (Pérez-Díaz, Chuliá e Valiente, 2000:14), convive con outras que, como a cohabitación ou a monoparentalidade, se reclaman como opcións igualmente válidas

De entre o amplo abano de cambios sociais acontecidos nas últimas tres décadas, tanto en España como no resto de países da Unión Europea que, pola súa relevancia, se considera necesario ter en conta para entender o pluralismo e a reorganización interna das configuracións familiares na actualidade, cómpre salientar os acaecidos nas pautas demográficas así como outros que, froito de determinados movementos e políticas sociais, provocaron cambios lexislativos cun forte impacto social.

Mais xunto con estes factores que se presentan, en palabras de Requena, como “algúns dos síntomas máis evidentes dese proceso en que van xurdindo as ‘familias posnucleares’” (1993: 250), hai que subliñar as modificacións lexislativas que supuxeron o recoñecemento de novos dereitos e deberes, como a igualdade de todos os cidadáns, a igualdade de fillas e de fillos ante a lei, o divorcio ou a consideración da familia como un ben que hai que protexer. Foron estas conquistas as que favoreceron a crise do patriarcado, a democratización das relacións familiares, e a reorganización da política familiar, e que posibilitaron a emerxencia de “novas experiencias de organización familiar en que se redefinen prácticas culturais como o matrimonio, a sexualidade ou os vínculos tradicionais de autoridade e solidariedade familiar” (Moreno, 1999: 10).

En definitiva, os trazos que se observan con maior ou menor intensidade na maioría dos países europeos en tanto características da segunda transición demográfica son, tal e como sintetiza Castro (1999: 62), a nupcialidade tardía, precedida dun período máis longo dos mozos no fogar paterno; aumento da cohabitación; a maior incidencia da maternidade fóra do

matrimonio, e o incremento da ruptura matrimonial, co conseguinte aumento de familias monoparentais.

Superado o movemento antifamilia dos anos 60, que proclamaba a crise ou o debilitamento da familia para cumprir as funcións básicas de socialización dos seus membros, na actualidade asistimos á configuración de novas estruturas menos institucionais, máis diversificadas. Nos preguntamos se esta maior diversificación está sempre relacionada cunha maior relación de igualdade entre as persoas que viven nos distintos fogares.

Diversas enquisas sobre a familia (Alberdi e outros, 1995) poñen de manifesto que a xente valora positivamente este novo concepto de familia que cuestiona os modelos tradicionais de parella e combina o respecto á familia coa diversidade de opcións persoais para configurala ou mesmo disolvela, polo que podemos concluír que “as características da familia moderna non se atopan en ningún trazo peculiar desta, senón que máis ben se sitúan nas súas características de diversidade e de tolerancia ante as formas alternativas de comportamento que van aparecendo” (Alberdi, 1999: 141).

Unha das formas familiares que emerxe tras a ruptura dese modelo é a cohabitación, en tanto situación que se dá cando unha parella que mantén unha relación sexual convive sen estar casada. Na actualidade en España existe un número moi considerable de parellas nesta situación que conviven cos seus fillos, aínda que se dan máis “como unha segunda oportunidade tras unha ruptura matrimonial ou como unha experiencia de parella tardía que como unha vía de aprendizaxe para o matrimonio” (Flaquer, 1998: 86).

A monoparentalidade e a reconstitución familiar adoita producirse tras a ruptura dunha unión anterior. Así, no momento de producirse unha ruptura conxugal nunha familia con descendencia, o habitual é que se formen dous novos fogares, e que os fillos menores nados da unión da parella queden xeralmente baixo a custodia da nai que, ben asume o seu coidado en solitario e constitúe unha familia monoparental, ben pasa a conformar unha familia extensa xa que volve á casa da nai, ben comeza unha nova relación de parella.

Esta é tamén a tendencia que se observa neste estudio e que ten efectos inclusive sobre a linguaxe, en tanto que vellos termos adscritos a determinadas realidades cargadas dunha negativa valoración social, necesitan ser redefinidos pois a realidade que nomean é cualitativamente diferente a outras épocas.

Os cambios na configuración familiar derivados das transformacións no tipo de relacións que une os seus membros, demandan a necesidade de modificacións lingüísticas, que superen prexuízos de épocas pasadas e contribúan á súa normalidade en tanto opcións igualmente validadas polo social.

O sociólogo Ulrich Beck dá boa conta desta diversidade de opcións, así como das dificultades que estas supoñen para a linguaxe:

“Hoxe non está claro que dúas persoas vaian casar, cando van casar, se conviven en vez de casar, se casan en vez de convivir, se o fillo nacerá e se criará dentro ou fóra da familia, coa persoa coa que un vive ou coa persoa que un ama pero que vive con outro, antes ou despois da formación ou en medio dela, como será compatible todo isto a curto prazo, a longo prazo ou momentaneamente coas obrigas ou ambicións da manutención, da carreira, do traballo de todos os implicados (...). Cada vez é máis difícil poñer en relación o concepto coa realidade. A unicidade e constancia dos conceptos (familia, matrimonio, paternidade, maternidade, nai, pai etc.) oculta a crecente pluralidade de situacións que se agachan detrás deles (por exemplo en relación aos pais: pais separados, pais de fillos únicos, pais que educan en solitario, pais solteiros, padrastrós, pais desempregados, amos de casa, pais que comparten o piso con outras persoas, pais de fin de semana” (Beck, 1998: 133).

Nesta investigación, tanto a través dos informes como ao longo das entrevistas, conséntase que, cando as referencias son de nai, pai, filla ou fillo, tía ou tío, avoa ou avó non parece haber ningún problema, a pesar dos cambios introducidos no significado destas relacións nas últimas décadas. Poren, vemos unha gran dificultade para nomear formas de relacións familiares que en épocas pasadas ou ben non existían, ou ben existindo os termos que as designaban están cargados de valoracións negativas que transcenden o tipo de relación en si.

O novo panorama de relacións paternas, “os meus fillos, os teus fillos, os nosos fillos, coas diversas regulacións, sensibilidades e zonas de confeito que implica para todos os afectados” (Beck, 1998: 132), volve especialmente complicado o uso de voces como madrasta ou padrastró, fillastra ou fillastro, medio irmá etc. que caeron en desuso ata o punto de non se consideraren correctas, pois aínda dando conta de situacións estruturalmente semellantes ás do pasado, levan adherido un significado cargado da negatividade. De aí que se cuñen outras expresións co propósito de suavizar esa valoración negativa e de ofrecer unha información máis aséptica: “fillo dunha anterior relación da nai, filla da súa compañeira”.

O feito de nomear estas realidades cunha linguaxe cargada de valoracións, evidencia a necesidade de novas expresións para substituír aqueles vocábulos excesivamente marcados por connotacións non aceptadas socialmente e poder contribuír así á normalización das situacións que latan baixo estes termos e das súas derivacións no ámbito das relacións.

A diversidade de configuracións familiares e mesmo as novas expresións poden verse nos extractos dos informes sobre a composición das familias, que teñen como punto de referencia o tipo de relación e ocupación dos seus diversos integrantes:

“Pai en paradoiro descoñecido; a nai é ama de casa; dous irmáns de 12 e 9 anos; medio irmá de 6 anos; padrasto de 32 e avoa materna pensionista” (Informe 51).

“Os pais separáronse cando naceu. Volveron a convivir durante catro anos (cando o menor tiña entre 11 e 15 anos). Os pais tiveron senllas parellas con fillos. Actualmente vive coa súa avoa, irmá e familia desta” (Informe 63).

Tipos de fogares: unha boa mostra

Dada a diversidade de estruturas familiares, así como a ambigüidade de conceptos e de definicións utilizados en relación con esta, faise necesario unha primeira aproximación conceptual que nos axude a delimitar o seu campo semántico.

Aténdonos ó marco lexislativo da nosa comunidade autónoma e o material empírico dispoñible, optamos por unha definición que permita recoller o máis amplo espectro posible das realidades coas que contamos, como é o caso da proposta por Inés Alberdi: “a familia está formada por dúas ou máis persoas unidas polo afecto, o matrimonio ou a filiación, que viven xuntas, poñen os seus recursos económicos en común e consumen conxuntamente unha serie de bens na súa vida cotiá” (Alberdi, 1999: 60).

Entendendo por forma familiar “o conxunto de principios e regras que rexen a formación, o desenvolvemento e a disolución do grupo familiar e que, por tanto, determinan a súa composición en calquera momento dado do seu ciclo de desenvolvemento” (Flaquer, 1999:21), e adoptando a tipoloxía proposta no Informe sobre la situación de la familia en España, dirixido por Inés Alberdi e publicado no 1995 polo Ministerio de Asuntos Sociais, distinguimos catro tipos de fogares en torno á súa forma: biparentais, monoparentais, extensos e outros.

Os fogares nucleares monoparentais representan un 19% do total e todos están formados por unha muller cos seus fillos. En ningún caso se trata de mulleres que decidan ter fillos sen cónxuxe, senón de situacións derivadas de separación (65,7%) e de viuvez (34,3%).

Cando os informes recollen os motivos da separación apuntan a cinco causas: alcoholismo do pai, ludopatía do pai, malos tratos do pai á nai e aos fillos; dificultades de convivencia sen especificar o motivo e abandono do pai.

A familia extensa utilízase para caracterizar “aqueles sistemas familiares en que convivan no mesmo grupo doméstico membros adultos de diversas xeracións” (Flaquer, 1998:

24; Giner e outros, 1998: 354); ou dito en expresión de Alberdi, “familia nuclear con algún outro membro” (1999:100).

As relacións de parentesco entre núcleos familiares funcionan como un recurso social a que acudir en situacións de penuria ou dificultade económica e, no caso desta investigación, son maioritariamente os avós destes menores os que garanten algunha axuda¹.

Os motivos sobre os que descansan os intercambios coa familia extensa, que nesta investigación representa un 18% do total, son bastante parecidos aos da familia extensa tradicional, en tanto intercambios de axuda interxeracional que, como é o caso dos fogares monoparentais, se impón como recurso imprescindible para garantir un nivel de vida suficiente para poder vivir.

Á marxe do seu núcleo, a principal figura neste tipo de familias son as avoas e os avós, con presenza idéntica (9%) nos fogares monoparentais e nos biparentais, se ben no caso dos primeiros son as nais con fillos menores ao seu cargo as que máis posibilidades teñen de retornar ao fogar dos seus pais.

Baixo o epígrafe de Outros, incluímos os fogares múltiples, así como as medidas protectoras cando os menores non contan con fogares.

Menores abandonados, de protección, en dificultade social, en desamparo; baixo estas e outras denominacións agáchanse unha ampla variedade de situacións que teñen un efecto prexudicial sobre a vida dos menores e que fan imprescindible a intervención da entidade pública para asegurar a súa protección.

Un 5% dos menores non contan nin con fogares, nin con familiares ou veciños que se responsabilicen do seu coidado. Son menores que se achan en situación de desamparo.

Dentro das situacións recollidas baixo o enunciado de “Menores en desprotección social” é necesario distinguir entre as situacións de risco e aquelas de desamparo, en tanto que, tal e como regula a Lei orgánica 1996 de protección xurídica do menor, están referidas a distinto grao de desprotección polo que requiren distinto tipo de intervención.

As situacións de risco están caracterizadas pola existencia dun prexuízo para o menor que non alcanza a gravidade suficiente para xustificar a súa separación do núcleo familiar, a intervención límitase a intentar eliminar, dentro da institución familiar, estes factores de risco. Nas situacións de desamparo, a gravidade dos feitos aconsella a extracción do menor do núcleo familiar e a entidade pública asume a súa tutela e decide a conseguinte suspensión da patria potestade ou da tutela ordinaria.

¹ España e Portugal son os países en que se rexistran porcentaxes máis altas de xente que vive en fogares extensos: o 17% dos fogares pasan a estar encabezados por maiores de 64 anos que son pensionistas (EUROSTAT, 2000: 50; recollidos por Pérez-Díaz, Chuliá e Valiente, 2000).

Segundo o Decreto 42/2000, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, o abandono é unha das situacións consideradas como desamparo e a figura de desamparo vén definida na Lei 21/87 como “a que se produce de feito a causa do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material, de tal xeito que a gravidade dos feitos aconselle que o menor sexa separado da familia”.

O acollemento dun menor nun centro ou institución efectúase, segundo a lexislación vixente, “cando se esgoten todas as posibilidades de mantemento del na súa familia a través da utilización de todos os recursos preventivos e o acollemento familiar ou adopción non sexan posibles ou se consideren inadecuados”. Nestes casos, é o delegado provincial quen asume a tutela administrativa durante o tempo que non desaparezan as causas que a motivaron ou se proceda á constitución de tutela ordinaria, o menor sexa adoptado, se emancipe ou acade a maioría de idade.

Cinco dos rapaces desta investigación, viven nunha residencia de menores, por careceren de todo tipo de soporte social.

Por último comprobamos a existencia de tres fogares onde residen, ademais dos avós, outros familiares propios da estrutura de fogar plurinuclear: tías e tíos con descendencia e dous fogares onde son os avós quen asumiron a responsabilidade sobre o coidado dos menores por medio dun acollemento familiar.

A sobrecarga da maternidade: dos afectos á responsabilidade absoluta

A maternidade na sociedades preindustriais implicaba para a nai un curto período de tempo de crianza sen deixar por ese motivo de participar nos traballos necesarios para a subsistencia. O liberalismo político, no avance da primeira modernidade, ofrece unha nova concepción da vida social que separa os asuntos públicos dos asuntos privados, e esta nova concepción política da sociedade queda asociada á secular división sexual do traballo que culmina na segunda metade do XX co modelo de “ama de casa”, que consolidaba a privatización e a psicoloxización da función materna mentres excluía as nais do traballo remunerado” (Brullet, 2004: 212). Así, e ata datas moi recentes, “ser unha boa nai e esposa significaba atender os fillos nas súas necesidades físicas, psicolóxicas, emocionais e morais, marcar pautas de vida cotiá, facer o seguimento escolar, atender o fogar, o marido e estar dispoñible para cubrir as necesidades do grupo doméstico as vinte e catro horas do día. Ser pai significaba traer os cartos á casa e marcar a lei dentro do fogar” (Brullet, 2004: 220).

Desde finais do XX, o proceso de despatriarcalización e os cambios que implicou na organización familiar con respecto á asunción de responsabilidades, pode interpretarse como unha das transformacións máis notables que favorece a posibilidade de mellorar a equidade en tanto que visibiliza o feito de que as mulleres e os homes, polo seu sexo, ocupan lugares de menor ou de maior poder, e maiores ou menores obrigas respectivamente. Pero se a conciencia feminista² non é asumida por todos os compoñentes do ámbito familiar, especialmente polos adultos, pode ocorrer que, ao tempo que as relacións dos fillos e das fillas cos pais se debilitan, as esixencias que se lles demandan ás nais aumentan, ao ser as únicas que invariablemente non renuncian ás súas obrigas³.

Non estamos defendendo a existencia dun instinto maternal predeterminado pola natureza e, por tanto, invariablemente ligado ao sexo feminino que xustifique este maior compromiso materno, antes ao contrario, tal e como explica Badinter (1991), como todo sentimento, o amor maternal cara aos fillos é incerto, fráxil e imperfecto, e sobre todo necesita, ademais de enxendrar e parir, que si son actos naturais, outras condicións adicionais entre as que cabe destacar o tempo e o esforzo.

Sobre o traballo e o tempo que se necesita para dar cumprimento as esixencias do considerado socialmente como amor maternal dá boa conta Soledad Murillo (1996) “[As mulleres] máis que extraer tempo regalan o que sexa preciso para reparar ou anticipar necesidades. Todo vale para atender a demanda, que en moitas ocasións nin sequera ten por que producirse (...) Ao ser un privilexio, a privacidade adquire os atributos de dereito e, como todo dereito, o seu goce non se percibe lesivo para ninguén. En cambio, de producirse a privacidade na vida cotiá das mulleres, será prexulgada como un trazo de egoísmo, pensar nela antes que nos outros traizoa de raíz a función secular da domesticidade”.

Esta obriga fundada no determinismo naturalista esixe ás mulleres asumiren o papel de “muller coidadora”, en tanto “aquela que non elixe o exercicio do coidado de forma autónoma, senón pola forza da convención social” (Cortina, 2000: 258). A entrada no ámbito laboral destas mulleres, parece cambiar pouco as vellas responsabilidades sobre o fogar e os fillos, por iso son, tamén elas, as que se queixan de teren pouco tempo para coidalos. A súa actividade oscilará entre a vida propia e a existencia para os outros, e o feito de que esta oscilación continúe a ser moi desigual convértese nun indicador que mide a indecisión das mulleres no proceso feminino de individualización.

² “Ter conciencia de que as mulleres e os homes, polo seu sexo, ocupan lugares de menor ou maior poder, non é nin máis nin menos que ter unha conciencia feminista” (Facio: 1992).

³ Recordemos que nesta investigación só nun 7% dos casos non está a nai no fogar, dous por estar finadas e cinco por estar os menores baixo a categoría de abandono.

Nos nosos informes se observa que as nais dan máis importancia aos afectos que ao cumprimento da normativa familiar, e están dispostas a admitir e mesmo a xustificar estes incumprimentos sempre e cando non se poñan en cuestión os valores afectivos, de forma que as resistencias a respectar a normativa familiar, cando non son graves, son interpretadas como froito do infantilismo e falta de madurez dos menores, e lonxe de responsabilizalos dos seus incumprimentos, acostuman a xustificalos:

“A nai defíneo como moi infantil, pouco maduro, vago, moi aberto, alegre, agradable no trato” (Informe 41).

“A nai descríbeo como ‘extravertido’, ‘espontáneo’, ‘inquieta’, protestón, sobre todo desde o cambio da adolescencia e de bo corazón (a descrición que dá a súa nai é case idéntica á realizada polo propio menor de si mesmo, que se autodefine como extravertido, sociable e con afán de liderato (Informe 50).

“A nai di que un bo rapaz, para como son hoxe os rapaces“ (Informe 52).

A grande esixencia emocional respecto dos fillos choca frontalmente coas novas aspiracións das mulleres, pois ao asumir a responsabilidade dos “elementos a prol” ao quedar divididas en dúas lealdades: a de ser boa nai e dedicarse intensamente ao coidado dos fillos, e a de ter unha vida persoal cun traballo e actividades propias; son elas as que asumen en solitario a responsabilidade dos problemas derivados da decisión adoptada (Alberdi, 1999: 164).

Á luz dos datos faise evidente que se as nais non asumen ese compromiso parental ninguén o fará e este estado intermedio entre o proclamado como “liberdade de” entrar no ámbito laboral, pero non “liberdade para”, ao obviárense as dificultades para poder conciliar, permanece fortemente vinculado á maternidade. Unha das queixas máis repetidas polas nais nas entrevistas é a falta de tempo para poderen coidar os fillos debido á imposibilidade de conciliar vida doméstica e vida laboral.

A ambivalencia sentimental, que sofren maioritariamente as nais, é descrita así por Beck: “Por unha parte, o fillo é un obstáculo no proceso de individualización. Custa traballo e cartos, é impredecible, ata botar a perder os coidadosos plans para o día e para a vida, pero ao tempo convértese na última relación primaria que queda irreversible, inintercambiable. A parella vén e vai, o fillo permanece” (Beck, 1998: 155).

Da autoridade á deserción paterna

Os modos e o grao de implicación das nais e dos pais na educación e no coidado dos fillos e das fillas parece moi desigual en función do sexo.

Se consideramos o conxunto da mostra, pais e nais asumen conxuntamente as súas responsabilidades parentais no 41% dos fogares, a nai en exclusiva faino no 43% e o pai en

solitario no 1%. Como pode apreciarse en máis da metade dos casos, os pais ou ben están ausentes ou ben non cumpren coas súas obrigas, nin sequera aquelas que a vella paternidade lles esixía en función de xénero: sustento económico da familia e representación da autoridade familiar. O peso recae claramente nas nais, que asumen as súas responsabilidades practicamente en todos os casos.

A antiga tradición do poder paterno como base necesaria para manter a orde social derivou na especialización da familia tradicional, en que as funcións disciplinantes eran asumidas polo pai como cabeza de familia, e as afectivas pola nai, como xestora das relacións. Na actualidade, este tipo de vínculos filiais está fortemente alterado: deixa de estar dominado pola autoridade do pai-marido e pasa a ser responsabilidade case exclusiva da nai-de-familia.

Fronte á perda do poder e da autoridade de que eran investidos os pais noutras épocas, na actualidade, nunha orde social que di defender a despatriarcalización das institucións sociais, parece que ten efectos devastadores sobre a paternidade vocacional, que en expresión de Gil Calvo (1996) está caracterizada en forma de *deserción educativa*. En palabras deste autor, “diríase que os varóns posmodernos están ben dispostos a prescindir das súas responsabilidades paternas: renuncian con facilidade á custodia dos fillos, e se puidesen ou se lles deixasen, renunciarían tamén a pagar as súas pensións compensatorias de manutención” (1996: 187).

No caso da presente investigación, con respecto á contribución económica no caso de separación resulta moi significativo a alta porcentaxe en que os pais non asumen esta responsabilidade. Así, nos fogares monoparentais, só un 4,3% dos pais separados cumpren co seu deber económico, pero as nais parecen asumilo con tal naturalidade que mesmo chegan a mostrar a súa comprensión, a pesar de se atoparen elas en similar situación precaria:

“A nai comenta que o pai estaba pasando a pensión, pero ten un atraso de dous anos porque acabou o paro. A nai traballa como empregada de fogar polas mañás e pola tarde no domicilio familiar coidando os fillos menores. Axuda da familia extensa materna” (Informe 4).

Por outra banda, con respecto á función da autoridade familiar tradicional ligada á paternidade, comprobamos que, coa decadencia dos vínculos conxugais e a feminización dos filiais, xorde a tan debatida figura do *pais desvanecientes*, (Flaquer, 1999: 85) ou do *pai ausente* para facer referencia, aínda que non exclusivamente, “a aqueles pais que, a consecuencia dunha separación ou divorcio, teñen pouco contacto cos seus fillos ou o perden completamente” (Giddens, 1998: 208). Neste sentido comprobamos que nun 23,4% dos casos a relación entre a parella é nula, o que confirma, que unha vez separados o pai desaparece.

Seguindo a argumentación do devandito autor, o peor da posmoderna ausencia paterna, o realmente pernicioso e grave, tanto ante situacións de separación como de convivencia en familia, é que frecuentemente se renuncie a exercer o deber de responsabilidade parental: “Os pais posmodernos xa non vixían nin supervisan a evolución educativa dos seus fillos: non os atenden, non lles preguntan, non lles esixen, non os controlan, non os orientan” (Gil, 1996: 198).

Un dos menores, orfo de nai, describe así os inxustos efectos que para el supuxo a deserción paterna:

¿Con quen vives normalmente? **Coa miña tía.** ¿E por que vives coa túa tía? **Porque quixo ela que fora as fins de semana p’a casa.** ¿E os teus pais? **Non... non teño relación con eles.** ¿Por que motivo non téas relacións con eles? **Porque non me falo con eles.** ¿Me podes explicar o motivo? **Porque o meu pai... bebe e a min non me mola** ¿e a túa nai? **A miña nai... a miña madrastra, mellor dito, está no Brasil, de vacacións.** ¿E a túa nai? **A miña nai morreu.** ¿É foi a túa tía quen se fixo cargo de ti? **Sí.** ¿E cando vas voltar con ela? **Cando... cando ela acabe os problemas que ten por culpa da separación.** ¿Por que non se pode facer cargo de ti? **Porque ten unha nena de catro anos...E ten problemas... o marido non lle da...os cartos, e non me pode levar alí.** Fundamentalmente ¿pensar que é porque non recursos económicos? **Claro.** (E. 2)

O uso do Modelo familiar sexualizado como referente

O feito de que continúen vixentes certos principios da vella orde patriarcal, que vinculan exclusivamente á figura do pai a responsabilidade de garantir o cumprimento da normativa familiar, fai que tanto os especialistas como a xente común, perciban como especialmente perniciosos os efectos derivados da súa ausencia, aos que se lles atribúe un importante poder explicativo. Así sucede, por exemplo, cando se debate sobre fracaso escolar e laboral, a violencia xuvenil ou, como no caso deste estudio, a delincuencia de menores. En todos os casos sempre se trae a colación a tan nomeada desestruturación familiar ligada especialmente á síndrome do *pai ausente* (Gil, 1996: 190):

“A nai entende que a ausencia do pai se fixo notar, acusando a falta de referente normativo ou de autoridade, aspecto que reconece deficitario no seu estilo educativo, máis ben protector e permisivo, pouco firme. Séntese moi preocupada”. (Informe 31).

“A falta de figura paterna é cuberta polo padriño e pola nai” (Informe 13).

“Cabe destacar o papel preponderante da figura paterna como referente principal normativo e de autoridade cara aos fillos, se ben ambos aparecen implicados no coidado, educación e supervisión destes” (Informe 16).

Esta división sexual chega mesmo a ser asumida por unha parte dos profesionais que traballan como educadores ou educadoras nos recursos de atención a menores. Un dos entrevistados considera necesario que no propio centro se reproduza o modelo educativo propio do modelo da familia tradicional:

“Na familia normalmente hai unha figura do pai, unha figura da nai, pero nun centro pode darse a paradoxa de que nunha mesma sección existan catro mulleres... cando creo que nun centro onde maioritariamente son rapaces, pois deberamos ir ao 50% , é dicir a metade homes e a metade mulleres, de xeito que os recursos humanos que debe haber nunha unidade convivencial pois debe ser dous homes e dúas mulleres” (A.V).

Cabe preguntarse que tipo de atributos ou calidades lles veñen dados aos pais, e mesmo quen llelos regala, para posuíren en exclusiva esa autoridade moral que de non darse ten efectos tan perniciosos sobre a educación dos fillos e das fillas. Son realmente tan perniciosos os efectos derivados da ausencia dos pais?

Para responder estas cuestións resulta moi esclarecedor tomar como marco países como Suecia, Noruega ou Dinamarca onde, se ben a metade dos nacementos se producen fóra do matrimonio froito dunha maternidade autodeterminada, o Estado garante certo benestar familiar, e non aumenta, senón antes ao contrario, a delincuencia xuvenil. Tal e como afirma Giddens (1998: 209), estes datos poñen de manifesto que na delincuencia xuvenil posiblemente teñen máis importancia as consecuencias económicas e afectivas das separacións –vinculadas ao círculo da pobreza– que a ausencia do pai –vinculada á configuración familiar–.

A insistencia na necesidade de dúas figuras parentais sexuadas (pai e nai) como requisito de socialización familiar adecuada, continúa a ser usada implicitamente como referente de modelo familiar exitoso, e prevense que, de non ser así, poidan producirse con máis posibilidade algún tipo de desviación ou de problema.

Nais, pais e benestar infantil

Situada baixo o manto do ocio, parece paradóxico que na familia moderna xustamente o tempo apareza como un dos bens máis escasos, mais aínda resulta máis insultante que esta carencia se atribúa a unha deficitaria planificación familiar.

Agudizadas nos fogares monoparentais, as necesidades económicas fan que as nais permanezan en alerta ante a continua posibilidade de perder o emprego, e en caso de que traballen os dous, resulta unha proeza conciliar vida laboral e vida familiar dado que “dous proxectos individuais independentes e dous horarios laborais independentes dificultan a longo prazo a compatibilidade dos proxectos de traballo individual e do proxecto familiar” (Carnoy: 2001:145).

Pretendemos visibilizar algúns dos *malestares* que caracterizan a actualidade, no significado dado por Carme Gómez Granel I e Cristina Brullet, en tanto en canto concepto que ten que ver sobre de todo “cos estados de ánimo negativo ou sentimentos de desafiliación, desvinculación, inseguridade, illamento, presión desmesurada, angustia ou frustración, producidos polos novos ritmos e estilos de vida e os cambios e desigualdades sociais que caracterizan a actualidade” (2008: 12).

A condición para que as familias poidan ser as institucións sociais que amorticen a presión social inducida polos procesos de flexibilización do traballo e de individualización da vida social, e sexa capaz de desempeñar o seu papel pasa, como afirma Carnoy (2001: 174), porque sexa redefinida e fortalecida nas novas circunstancias culturais e tecnolóxicas das nosas sociedades.

Lonxe de ser así, a lóxica do mercado laboral na actualidade está a impoñer as súas regras de costas ás necesidades das familias, mais paradoxicamente estas seguen a asumir como culpa propia ou como reproche ás persoas máis próximas, moitos dos conflitos que a actual lóxica laboral xera, pois carecen da información suficiente para tomar conciencia de que “a sociedade de mercado realizada é tamén unha sociedade sen nenos, a non ser que os nenos medren con pais e con nais móbiles, SOS” (Beck, 1998:153).

Bibliografía

- ALBERDI, Inés (dir.) (1995): *Informe sobre la situación de la familia en España*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.
- ALBERDI, Inés (1999): *La nueva familia española*. Madrid: Taurus
- AMORÓS, Celia (dir.) (1995): *Diez palabras clave sobre mujer*. Pamplona: Verbo divino.
- ARIÈS, Phillippe (1987): *El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen*. Madrid: Taurus.

- BADINTER, Elisabeth (1991): *Historia del amor maternal. Siglos XVII al XX*. Barcelona: Paidós.
- BAUMAN, Zygmunt (2001): *La sociedad individualizada*. Madrid: Cátedra
- BAUMAN, Zygmunt (2005): *Vidas desperdiciadas. La modernidad y sus parias*. Barcelona: Paidós
- BECK, Ulrich (1998): *La sociedad del riesgo. Hacia una nueva modernidad*. Barcelona: Paidós.
- BECK, Ulrich (2000): *Un nuevo mundo feliz. La precariedad del trabajo en la era de la globalización*. Barcelona: Paidós.
- BORDERÍAS, Cristina; CARRASCO, Cristina e ALEMANY, Carme (comps.) (1994): *Las mujeres y el trabajo. Rupturas conceptuales*. Barcelona: Icaria.
- BOURDIEU, Pierre (1991): *La distinción. Criterio y bases sociales del gusto*. Madrid: Taurus.
- BRULLET, Cristina e GÓMEZ-GRANELL, Carme (2008) (Coord.): *Malestares: infancia, adolescencia y familias*. Ed: Graó.
- BRULLET, Cristina (2004): “La maternidad en occidente y sus condiciones de posibilidad en el siglo XXXI”. En OSBORNE, Raquel e CONCHA, Ángeles De la (coord.): *Las mujeres y los niños primero. Discursos de la maternidad*. Barcelona: Icaria, pp. 201- 228.
- BUCKING, David (2002): *Creecer en la era de los medios electrónicos*. Madrid: Morata.
- CARNOY, Martin (2001): *El trabajo flexible en la era de la información*. Madrid: Alianza.
- CASTELLS, Manuel e ESPING-ANDERSEN, Gösta (1999): *La transformación del trabajo*. Colomers: La factoría cultural
- CORTINA, Adela (2000): “Mujer, economía familiar y Estado de Bienestar” En V.V. A.A.: *Dimensiones económicas y sociales de la familia*. Madrid: Fundación Argentaria, pp. 253-267.
- DOMINELLI, Lena e MACLEOD, Eileen (1999): *Trabajo social feminista*. Madrid: Cátedra.
- FACIO, Alda (1992): *Cuando el género suena cambios trae (Una metodología para el análisis de género del fenómeno legal)*. Costa Rica: ILANUD
- FLAQUER, Lluís (1990): “La familia española: cambio y perspectivas” en GINER, Salvador (ed.): *España, Sociedad y Política*. Madrid: Espasa Calpe.
- FLAQUER, Lluís e SOLER, Joan (1990): *Permanencia y cambio en la familia española*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- FLAQUER, Lluís (1998): *El destino de la familia*. Barcelona: Ariel.
- FLAQUER, Lluís(1999): *La estrella menguante del padre*. Barcelona: Ariel.
- GARRIDO, Luis y GIL CALVO, Enrique (eds.) (1993): *Estrategias familiares*. Madrid: Alianza.

- GARRIDO, Luis (1993): “La familia estatal: el control fiscal de la natalidad” En GARRIDO, Luis. e GIL CALVO, Enrique (eds.): *Estrategias familiares*. Madrid: Alianza, pp. 157-180
- GIDDENS, Anthony (1998): *Sociología*. Madrid: Alianza.
- GIL CALVO, Enrique (1996): “Los hijos son de la mujer”. En CASTAÑO, Cecilia e PALACIOS, Santiago (eds.): *Salud, dinero y amor. Cómo viven las mujeres españolas de hoy*. Madrid: Alianza, pp. 185-204.
- GORZ, André (1998): *Misérias del presente, riqueza de lo posible*. Barcelona: Paidós.
- IGLESIAS GALDO, Ana (2008): *Educación e castigar. Unha historia do presente da xustiza de menores en Galicia*. Servizo de Publicacións: Universidade da Coruña.
- IGLESIAS GALDO, Ana (2007): “Los efectos de la escolaridad en la configuración de las identidades: la justicia juvenil” En BERGALLI, Roberto e RIVERA, Iñaki (Coords.), *Jóvenes y adultos. El difícil vínculo social*. Anthropos
- MURILLO, Soledad (1996): *El mito de la vida privada. De la entrega al tiempo propio*. Madrid: Siglo XXI
- REQUENA, Miguel (1993): “Formas de familia en la España contemporánea” . En GARRIDO, Luis y GIL CALVO (eds.) (1993): *Estrategias familiares*. Madrid: Alianza, pp. 249-270.
- TORRES, Jurjo (2002): “Contexto sociocultural de la escolaridad”. *Cuadernos de Pedagogía*, nº 326, pp. 20-24.
- VARELA, Julia e ÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1989): *Sujetos frágiles. Ensayos de sociología de la desviación*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.